

O programa de humor, música e entrevistas que produce CTV para a TVG, liderado por Roberto Vilar, cambia o sábado polo xoves á noite

“LAND ROBER” REGRESA INCORPORANDO DÚAS HORAS DE DIVERSIÓN E ENTRETENIMENTO FAMILIAR, CON SKETCHS, ENTREVISTAS E PARODIAS

Unha entrevista “a cegas”, un piso novo con okupas, un *Pressing Catch* de humor e a participación do público no estudio, novidades principais

Santiago, 06.10.2010.- O espazo de humor, música e entrevistas que lidera o humorista **Roberto Vilar**, “LAND ROBER”, comezará mañá a súa segunda temporada envolto en novidades para achegarlle ao público dúas horas de diversión familiar, esta vez estreando horario, o xoves ás 22.00h, segundo avanzaron os membros do equipo no acto de presentación que tivo lugar nas instalacións de CTV, produtora do programa para Televisión de Galicia.

Durante o mesmo, a directora da TVG, **Rosa Vilas**, destacou a grande aposta que supón a emisión de “LAND ROBER” na noite dos xoves, onde competirá con outros espazos que gozan de grande aceptación pola audiencia. Aínda así, a directora da canle autonómica amosouse confiada en que a segunda temporada de “LAND ROBER” continuará a estela de éxito que supuxo a primeira.

Roberto Vilar destacou como unha das novas claves do programa o equipo humano que conseguiron formar e a variedade de contidos que ofrece, sendo un dos poucos que ofrecen hoxe música en directo, así como sketches humorísticos, entrevistas e actualidade. Vilar engadiu a súa “sensación de privilexio e de sorte por facer un programa á miña medida” e o feito de ser a única oferta televisiva da noite dos xoves en galego, que “é a nosa forza”. Tamén lle recomendou ao público que non se perda os primeiros minutos da nova etapa, este xoves, porque “vai haber algo que será un antes e un ata logo” na historia da televisión.

Pola súa parte, **Xosé A. Touriñán**, integrante do grupo de actores do programa, fixo unha mención especial para o equipo de guionistas de “LAND ROBER”, “que son capaces de facer un guiión de dúas horas de humor para un espazo semanal”. Ademais, puxo o acento na importancia que supón que a audiencia teña unha oferta de humor en galego.

Un “Pressing Catch” á galega

Partindo das liñas mestres do entretemento, o programa impregnará a noite de humor intentando que o público se implique nos sketches e nas parodias que propón a nómina de personaxes do programa. Unha destas parodias, “Jallejeros Pachanjeros”, está inspirada no programa “Callejeros” e nela un repoteiro segue o día a día dos distintos traballadores do mundo da verbena galega.

Unha das novas propostas humorísticas do programa afecta ao piso habitual de “LAND ROBER”, que muda totalmente de aspecto, xa que os mozos, ávidos de experiencias novas e con máis ganas que nunca de emanciparse, ocuparán un piso en desuso sen que a Garda Civil o saiba.

O público do estudio terá tamén a oportunidade de participar en distintas parodias, no marco dunha velada de “Pressing Catch”, en que o espectador botará un pulso como regueifeiro contra os púxiles “Camión de Boqueixón” e a súa muller “Chimpín de Abadín”. Non faltarán outros elementos e personaxes clásicos do programa, como *Ricardo*, que padece amnesia; *Superjuani*, *Rafita*, *Inma* e os monólogos habituais e vídeos disparatados.

A noite de humor amais contará esta temporada cunha modalidade nova de entrevista, que consiste en que cada semana *Hermida* (**Xosé A. Touriñán**) traerá un convidado sorpresa que o presentador descoñece e que, cos ollos vendados, deberá descubrir mediante pistas.

No primeiro programa, Francis Lorenzo e Manolito El Pescador

Nesta nova etapa de “LAND ROBER” tamén haberá unha entrevista cun personaxe, que na estrea de mañá vai ser o baixista da orquestra *Panorama*, caracterizado de “baixista carbonizado” despois do accidente sufrido polo camión na autoestrada este verán.

O actor **Francis Lorenzo** e o cantante **Manolito El Pescador** visitarán amais o estudio do programa, liderado por Roberto Vilar, que por outra parte vai ser sorprendido por un personaxe famoso do que se descoñece a identidade, para intentar adiviñar de quen se trata, seguindo unha serie de pistas ofrecidas polos colaboradores do programa.

Equipo de “LAND ROBER”:

-Presentador: Roberto Vilar

**-Actores: Xosé A. Touriñán (*Hermida/Ricardo*), David Perdomo (*Rafita*),
Isi (*Superjuani*), Isabel Risco (*Inma*) e Iria (*parodias*).**